lex.gal

# Decreto 130/2021, do 7 de outubro, polo que se declara loito oficial en Galicia con motivo do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García.

Última versión

Para manifestar o seu sentimento e o do pobo galego por causa do falecemento do conselleiro de Facenda e Administración Pública, don Valeriano Martínez García, o Goberno galego ten a vontade de facer pública a dor dos seus membros e a de toda a cidadanía.

Polo tanto, por proposta do vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo e logo de deliberación do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do día sete de outubro de dous mil vinte e un, DISPOÑO

DISPOÑO:

**Artigo único**

1. Declárase loito oficial en Galicia desde as 00.00 horas do día 7 de outubro ata as 24.00 horas do día 9 de outubro de 2021.

2. Nos devanditos días ondearán a media hasta as bandeiras oficiais en todos os centros e edificios públicos dependentes da Xunta de Galicia.

**Disposición derradeira**

Este decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no Diario Oficial de Galicia.

Santiago de Compostela, sete de outubro de dous mil vinte e un
Alberto Núñez Feijóo
Presidente

Alfonso Rueda Valenzuela

Vicepresidente primeiro e conselleiro de Presidencia, Xustiza e Turismo

Este documento é de carácter informativo e non ten valor xurídico. Está elaborado unicamente a partir das normas publicadas en Lex.gal.
Consulte a información contida ao respecto na sección de preguntas frecuentes.